

Unha noite no tren da Vía Láctea

銀河鉄道の夜

Ginga tetsudō no yoru

1.ª edición, 1.ª impresión, 2020

© das ilustracións: Miguel Robledo.

© da tradución: Gabriel Álvarez Martínez.

© Aira editorial, 2020

Follas Voadoras, SL

Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo

32660 Allariz

aira@airaeditorial.gal

airaeditorial.gal

Maquetación: Miguel Mosquera.

Impresión e encadernación: Norprint.

ISBN: 978-84-122631-4-5

Depósito legal: OU 253-2020

Accede á nosa web con este código e participa nos sorteos e promocións
especiais para a comunidade lectora da Aira:



Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, de todo ou dunha parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen autorización.

Esta obra recibiu unha axuda da Dirección Xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución e/ou edición do ano 2020.

Na publicación desta obra colaboraron
os e as Mecenaz Literarias:

Roque Amado Ares	Julio Aragonés
Javier Alvarez Osuna (Pacholas)	Quique Campos Medina
Carmen Rajó Rodríguez	David González Domínguez
Mila Da Aira Fernández	Pablo Vivero Fernández
Miguel García-Fernández	Josemaría Gómez Vázquez
Lourdes e Nacho de PlanetaEris	Manel Cráneo e Roque Pena
Margarita Mosquera Ponce	Antón Abades Fraga
Miguel Mosquera García	Adrián Espiñeira Quintas
Xián Bobillo	Andrea Pastoriza Lema
Martiño, Breixo e Fiz	Candela Neira Pernas
Carme Cruz Rodríguez	Laura Álvarez Conde
Xaime e Manoel Couto Iglesias	Martiño Picallo (Luscofusco)
Pepe Bernardo	Lara Dorado Suevos
Querqus parafarmacia Allariz	Manoel R. Moldes
Maruxa Luísa Airas Fernández	Bieito e Xoana Martínez Lamas
Bregán e Leilía Carballo	Rocío da Igrexa Prego
Hugo Castro Corderí	Eva González López
Carlos Da Aira	Xián Telle Troncoso
Daniel Vázquez e Lara Ferradás	Lois Méndez Pérez
Mariño e Yolanda	Antela e Xián Santás Crespo
Xonxa Fernández Lorenzo	Aitor Freire Astray
Alexandra Mínguez Mociño	Nuno e Iago Baamonde
Jesús Méndez Fernández	Sofía Fernández González
Guillermo Rodicio	Xosé Manuel Eyré
María Garrido	Eduardo Orban
Santi F. Rozada	Lucia Salve Bouzo
Familia Folio Fonteiraña	Pedro Antonio López López
María e Ruth Rodríguez Beltrán	Belén Mediero Rodríguez
Rui Couce San Isidro	Jorge Rodríguez Durán
María Luis González	M ^a da Concepción Martínez Taboada
Sofía e Santi	

Librarías Mecenas:



Guía rápida de pronuncia do xaponés para galegofalantes

Na presente obra úsase o sistema Hepburn para transcribir os sons do xaponés ao alfabeto romano. Velaquí a pronuncia aproximada dalgúns dos sons da lingua xaponesa:

g - pronúnciase sempre coma en *gato*, *guerra* ou *guitarra* (*gon-gen*, *ginga*)

h - é aspirado, coma unha gheada suave (*Hanamaki*, *Taneyama-hara*)

j - é africado e a súa pronuncia seméllase á das palabras inglesas *John* ou *jeans* (*Kenji*, *Fuji*)

sh - pronúnciase coma o noso «x» en *xarope*, *xogo* ou *arxila* (*Yamanashi*, *Shōsuke*)

y - é unha semiconsoante e pronúnciase coma o «i» de *iate* ou *croio* (*yama*, *Kayo*)

z - colócase a lingua coma para pronunciar un «d» e faise un «s» sonoro (*Miyazawa*, *Amazawa*)

ō - esa raiña sobre a vogal chámase *macron* e indica que a pronuncia é un pouco máis longa (*Hokkaidō*, *yōkai*)

Notas do tradutor

Esta tradución realizouse a partir da edición *Shinpen Ginga tetsudō no yoru* da editorial Shinchōsha, con notas e comentarios dos profesores Bun'ichi Saitō (1925-2017) e Taijirō Amazawa (1936). En concreto, usouse unha reimpresión de xuño de 2011 (sendo a primeira edición de xuño de 1989) mercada polo tradutor en xullo do mesmo ano en Jinbōchō, barrio onde se concentra boa parte das librarías de vello e editoriais de Toquio.

Para os contos *A araña, a lesma e o tanuki* e *Matasaburō, o do vento* usouse a edición *Shinpen Kaze no Matasaburō* (reimpresión de 2019, primeira edición de 1989), tamén de Shinchōsha, con notas e comentarios de Taijirō Amazawa, grande estudoso da obra de Miyazawa.

A maior parte da obra de Kenji Miyazawa (1896-1933) publicouse de maneira póstuma a partir de manuscritos inéditos que o propio autor foi revisando, corrixindo e modificando co pasar dos anos. Iso fai difícil establecer o momento exacto no cal algúns dos contos foron escritos.

A estrela da avenoiteira púidose escribir en 1921, mais publicouse en 1934, tras o falecemento de Miyazawa. Crese que *A araña, a lesma e o tanuki* data de 1918, sendo un dos seus primeiros contos infantís. Tanto *A oficina dos gatos* coma *Otbel e o elefante* apareceron na revista *Getsuyō* no ano 1926. *Matasaburō o do*

vento, aínda que publicado por primeira vez en 1934, escribiuse entre 1931 e 1933, xuntando outras historias previas á maneira dun *collage*. *Gauche o violoncellista* tamén foi publicado postumamente en 1934, e cóidase que foi escrito nos últimos anos de Miyazawa. D’*Unha noite no tren da Vía Láctea*, o autor chegou a facer catro borradores, créndose que o primeiro data de 1924 e o último de 1931, mais non se publicou até 1934.

O estado incompleto de certos manuscritos fai que nalgúns dos seus contos falten ás veces caracteres ou mesmo algunha páxina enteira, sen que iso impida poder gozar da historia. Nese casos, sinalarémoslo por medio duns puntos suspensivos entre corchetes ([...]).

Ao transcribir os nomes de persoa seguiu-se a orde máis habitual en occidente, isto é, colocando o nome antes do apelido, en vez da orde inversa propia do Xapón. Así, escribimos Kenji Miyazawa en lugar de Miyazawa Kenji ou Saburō Takada en lugar de Takada Saburō.

A obra de Kenji Miyazawa ten sido adaptada a diversos medios e formatos, desde a banda deseñada até o teatro ou a serie de televisión. De *Gauche o violoncellista* existe un filme de animación de 1982 dirixido por Isao Takahata, posterior fundador do famoso Studio Ghibli. De *Matasaburō, o do vento* hai cinco versións cinematográficas; entre elas, a máis recente de 2016 e un filme de animación de 1988 dirixido por Rintaro. D’*Unha noite no tren da Vía Láctea* hai unha adaptación animada de 1985 dirixida por Gisaburō Sugii e un filme en imaxe real de 2006 (*Ginga tetsudō no yoru – I carry a ticket to eternity*, dirixido por Masatoshi Akihara).

UNHA NOITE NO TREN DA VÍA LÁCTEA

銀河鉄道の夜
Ginga tetsudō no yoru

Kenji Miyazawa


Tradución de Gabriel Álvarez Martínez


Ilustracións de Miguel Robledo

A estrela da avenoiteira

よだかの星

Yodaka no hoshi





A avenoiteira era un paxaro francamente feo.

Tiña unhas manchas coma de *miso*¹ espalladas pola cara, e o peteiro, achatado, chegáballe até as orellas. Do frouxiñas que lle eran as patas non daba andado nin catro pasos. Tan fea era que, só con lle veren a cara, os outros paxaros sentían repulsión.

A cotovía, por exemplo, sen ser tampouco particularmente fermosa, críase moi superior á avenoiteira, de modo que ao topar con ela á tardiña pechaba os ollos con porfía e viraba a cabeza cara a outro lado coma se lle repugnase. Paxaros máis miúdos e falangueiros ca a avenoiteira sempre rexoubaban nos seu fociños nos seguintes termos:

—Ehem! Aí a está outra vez. Ollade para ela, por favor. É a vergoña dos paxaros.

—Reparade no tamaño do bico! Debe estar emparentada coas ras ou algo polo estilo.

Se en lugar dunha avenoiteira fose unha ave distinguida, coma un falcón², a simple mención do seu nome había bastar para que aqueles paxaros pequerrechos se botasen a tremer e, coa cor da cara mudada, se encollesen e agochasen entre as follas dunha ár-

1. Pasta de soia fermentada usada na gastronomía xaponesa. (*Todas as notas son do tradutor.*)

2. En xaponés á avenoiteira, noitarega ou noiteboa (do xénero *Caprimulgus*) chámasele *yodaka* ou *yotaka*, palabra composta por *yo* 'noite' e *taka*, termo que serve para designar certas aves de rapina, coma gabiáns, azores e, en ocasións, falcóns.





bore. Mais ela non tiña parentesco ningún coas grandes aves. Era, iso si, a irmá máis vella do fermoso picapeixe e mais do colibrí, alfaia entre os paxaros. Este último alimentábase do néctar das flores; o primeiro, de peixes; a avenoiteira, de insectos alados. Por riba, ao non ter gadoupas nin un bico afiado, non lle puña medo a paxaro ningún, por moi fraco que fose.

Pode estrañar, sendo así, que levase no nome a palabra «ave», mais o motivo residía, primeiro, na forza das súas ás, xa que cando voaba cortando o vento semellaba mesmo unha ave de rapina, e segundo, no seu agudo axirido, similar ao do falcón. A este último amoláballe profundamente. Por iso, mal lle vía a cara á avenoiteira, sacudía os ombros de xeito ameazador e reclamáballe: «Muda de nome! Muda de nome xa!».

Unha tardiña, o falcón decidiu facer unha visita á casa da avenoiteira.

—Eh! Andas aí? Aínda non mudaches de nome? Que pouca vergoña tes! Non ves que ti e mais eu non temos nada que ver? Eu, por exemplo, podo ir voando ao recanto máis afastado do ceo azul. Ti só saes nos días nubrados e escuros ou á noite. Repara no meu peteiro e nas miñas poutas e compáraos cos teus.

—Señor falcón, iso que me pide é imposíbel. O meu nome non o escollín eu. Foi Deus quen mo deu.

—Non, a min si que mo puxo Deus! O teu tomáchelo emprestado das aves de verdade coma min e da noite. Veña, devólvenolo!

—Señor falcón, iso é imposíbel.

—Non é, non. Vouche ensinar un nome que che aquece: Ichizō³. Que me dis? Bonito, verdade? Para mudares de nome só precisas facelo público. Atende: penduras do pescozo un rótulo que diga «Ichizō» e dás unha volta facéndolle unha pequena reverencia a todo o mundo e dicíndolles que, de agora en diante, te chamen así.

—Non podo facer iso.

—Ca, non vas poder! Faino. Se non o fas antes de pasado mañá á mañá, apréixote coas miñas garras e mátoe. Lembra: pasado mañá á mañá cedo vou ir niño por niño preguntando se pasaches. Como nunha soa casa me digan que non, vaite preparando!

—Pero o que me pide é imposíbel. Prefiro morrer antes que facelo. Máteme agora mesmo!

—Pénsao con calma. Ichizō non é tan mal nome como cres.

O falcón estendeu as súas grandes ás e regresou voando ao niño.

A avenoiteira ficou cavilando cos ollos pechados.

«Por que me ten todo o mundo tanta xenreira? Será pola cara manchada de *miso* ou por este bico rachado? Eu nunca lle fixen ningún mal a ninguén. Cando a cría do ollobranco caeu do niño, salveina e deixei outra vez no seu sitio. E a nai apartouna de min coma se fose un ladrón. Aínda por riba riuse de min. Agora quérenme facer pasar o ridículo de ir cun rótulo pendurado do pescozo que diga que me chamo Ichizō».

3. Un nome masculino vulgar.

